



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA



INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO

Xullo 2022

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2022

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de comercio polo miúdo (ICM). Xullo 2022

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes diminúe un 4,6% en Galicia en xullo de 2022 con respecto ao mesmo período do ano anterior; no conxunto de España diminúe un 3,3%.
- Por produtos, as vendas en Alimentación diminúen un 8,1% e no Resto de produtos un 6,4%.
- As vendas minoristas aumentan en tres comunidades autónomas.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes rexistra un crecemento do 10,4% en Galicia no mes de xullo de 2022 con respecto ao mesmo período do ano anterior, e no conxunto de España do 11,7%.
- O índice xeral de ocupación rexistra unha taxa do 3,1% en Galicia e do 2,4% no conxunto do Estado.
- A ocupación aumenta en todas as comunidades autónomas agás en Asturias e Aragón.

Índices de comercio polo miúdo a prezos constantes. Xullo 2022

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)		
		Interanual	No que vai de ano	
	Xeral	111,5	-4,6	-2,8
	Xeral sen estacións de servizo	109,8	-7,0	-4,5
	Alimentación	101,5	-8,1	-6,9
	Resto	116,1	-6,4	-3,1

Categoría	Interanual (%)	No que vai de ano (%)
Xeral	-4,6	-2,8
Xeral sen estacións de servizo	-7,0	-4,5
Alimentación	-8,1	-6,9
Resto	-6,4	-3,1

1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes diminúe un 4,6% en Galicia en xullo de 2022 con respecto ao mesmo período do ano anterior e no conxunto de España un 3,3%.


O índice xeral sen estacións de servizo diminúe un 7,0% en Galicia e un 5,1% en España respecto a xullo de 2021. Desagregando por produtos:

- A Alimentación reduce as súas vendas un 8,1% en Galicia e un 3,3% no conxunto de España.
- O Resto de produtos diminúe un 6,4% en Galicia e un 6,6% no conxunto do Estado.

Nos sete primeiros meses do ano, o índice xeral diminúe un 2,8% en Galicia, taxa 3,1 puntos inferior á de España (0,3%). A Alimentación reduce as súas vendas un 6,9% en Galicia e un 1,5% no conxunto do Estado; no Resto de produtos as vendas caen un 3,1% en Galicia e un 1,4% en España.

Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do -3,1%.

O gráfico mostra a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral do comercio minorista na serie orixinal e na serie corrixida de estacionalidade e calendario.




2. Índices por comunidades autónomas

As vendas aumentan en tres comunidades autónomas: Illes Balears (4,8%), Canarias (3,4%) e Extremadura (0,6%).

Os maiores descensos rexístranse en: Castilla – La Mancha (-8,2%), Asturias (-7,7%) e La Rioja (-7,2%).

Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Xullo 2022

Taxas de variación en %



No que vai de ano, sete comunidades incrementan as vendas, rexistrando as taxas máis elevadas Illes Balears (8,2%) e Canarias (8,1%).

Os maiores descensos rexístranse en País Vasco e Castilla – La Mancha (ambas -3,8%).

3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes aumenta un 10,4% en Galicia no mes de xullo de 2022, e un 11,7% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo rexistra unha taxa do 6,1% en Galicia e do 8,0% en España. Desagregando por produtos, en Galicia as vendas en Alimentación aumentan un

2,9% e no Resto de produtos un 8,5%. No conxunto do Estado, rexístrase un incremento do 8,7% das vendas en Alimentación e do 7,5% no Resto de produtos.

Índices de comercio polo miúdo. Xullo 2022				
Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)		
		Interanual	No que vai de ano	
Xeral	135,8	10,4	10,1	
Xeral sen estacións de servizo	130,9	6,1	6,3	
Alimentación	124,7	2,9	1,1	
Resto	135,0	8,5	10,4	

Categoría	Interanual (%)	No que vai de ano (%)
Xeral	10,4	10,1
Xeral sen estacións de servizo	6,1	6,3
Alimentación	2,9	1,1
Resto	8,5	10,4

4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación amosa unha taxa de variación interanual do 3,1% no mes de xullo en Galicia e do 2,4% no conxunto do Estado.

En media do que vai de ano, a ocupación crece un 3,2% en Galicia e un 2,5% en España.


5. Índices de ocupación por comunidades autónomas

A ocupación no comercio minorista aumenta en xullo en todas as comunidades autónomas agás en Asturias (-0,9%) e Aragón (-0,6%). Os maiores incrementos rexístranse en Illes Balears (8,1%) e Canarias (5,8%).

Nos sete primeiros meses do ano, crece o emprego en todas as comunidades autónomas. Os maiores crecementos rexístranse en Illes Balears (6,5%) e Canarias (4,0%). Os menores incrementos danse en Asturias (0,1%) e Murcia (0,9%).

Índice xeral de ocupación. Xullo 2022

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2015 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflactores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin carburantes e lubricantes.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco.
- Índice Resto: IPC xeral sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o IPC¹.

¹ Os índices de comercio polo miúdo están en base 2015, e o IPC en base 2021, polo que se calcula un índice de prezos en base 2015.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Xullo 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	135,8	10,4	10,1	111,5	-4,6	-2,8
Xeral sen estacións de servizo	130,9	6,1	6,3	109,8	-7,0	-4,5
Alimentación	124,7	2,9	1,1	101,5	-8,1	-6,9
Resto	135,0	8,5	10,4	116,1	-6,4	-3,1
España						
Xeral	134,6	11,7	13,3	111,0	-3,3	0,3
Xeral sen estacións de servizo	129,5	8,0	9,6	109,3	-5,1	-1,3
Alimentación	130,8	8,7	6,9	106,9	-3,3	-1,5
Resto	128,5	7,5	11,8	111,4	-6,6	-1,4

Fonte: I.E.E. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por I.N.E.

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Xullo 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	127,2	12,6	10,2	102,9	-3,1	-2,3
Xeral sen estacións de servizo	122,8	8,1	6,7	102,3	-5,8	-4,0
Alimentación	116,3	4,6	1,4	95,1	-6,6	-6,5
Resto	128,5	10,3	10,5	107,5	-4,8	-2,5
España						
Xeral	126,6	14,2	13,5	103,9	-0,5	0,6
Xeral sen estacións de servizo	122,6	10,5	9,9	102,5	-2,7	-1,0
Alimentación	126,0	10,8	6,9	103,0	-1,0	-1,3
Resto	119,3	9,7	12,4	102,5	-4,0	-1,2

Fonte: I.E.E. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por I.N.E.

Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Xullo 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	134,6	11,7	13,3	111,0	-3,3	0,3
Andalucía	130,9	8,3	12,7	108,7	-6,3	-0,1
Aragón	125,2	10,8	13,1	102,2	-5,2	-1,1
Asturias	123,4	7,2	9,4	102,3	-7,7	-3,3
Baleares, Illes	169,2	19,6	21,8	140,8	4,8	8,2
Canarias	121,5	16,9	19,9	102,5	3,4	8,1
Cantabria	138,0	11,7	13,3	113,5	-2,4	0,7
Castilla y León	128,7	12,4	15,7	103,8	-4,1	1,2
Castilla-La Mancha	130,0	8,6	10,8	104,0	-8,2	-3,8
Cataluña	132,4	12,8	12,6	108,0	-2,1	-0,3
Comunitat Valenciana	143,2	11,8	13,5	119,3	-3,1	0,4
Extremadura	119,9	16,2	15,4	99,6	0,6	2,4
GALICIA	135,8	10,4	10,1	111,5	-4,6	-2,8
Madrid	145,4	13,7	13,8	120,9	-0,8	1,3
Murcia, Región de	129,8	9,7	11,7	108,2	-5,5	-1,1
Navarra	121,6	9,7	12,7	98,6	-5,5	-0,7
País Vasco	123,0	7,3	8,3	101,2	-6,8	-3,8
Rioja, La	132,1	8,6	13,5	107,8	-7,2	-0,2
Ceuta	89,6	6,3	6,7	75,5	-6,9	-4,1
Melilla	83,4	2,4	2,3	69,5	-10,8	-9,0

Fonte:INE

Cadro 4. Índices de ocupación. Xullo 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	108,2	3,1	3,2
Xeral sen estacións de servizo	107,8	3,0	3,2
España			
Xeral	107,6	2,4	2,5
Xeral sen estacións de servizo	107,5	2,4	2,5

Fonte:INE

Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas.
Xullo 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	107,6	2,4	2,5
Andalucía	105,2	3,3	3,5
Aragón	106,3	-0,6	1,3
Asturias	104,8	-0,9	0,1
Baleares, Illes	120,6	8,1	6,5
Canarias	106,0	5,8	4,0
Cantabria	107,4	2,1	3,2
Castilla y León	106,9	0,9	2,3
Castilla-La Mancha	104,8	2,2	2,1
Cataluña	107,2	2,2	2,3
Comunitat Valenciana	114,2	1,5	1,8
Extremadura	106,7	4,6	3,0
GALICIA	108,2	3,1	3,2
Madrid	107,0	1,8	2,1
Murcia	106,4	1,4	0,9
Navarra	105,0	1,9	2,3
País Vasco	106,8	1,7	1,8
Rioja, La	109,0	3,2	3,1
Ceuta	100,8	1,9	0,4
Melilla	100,6	0,8	0,8

Fonte: INE